

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 14118** *Real decreto 1189/2011, do 19 de agosto, polo que se regula o procedemento de emisión dos informes previos ao planeamento de infraestruturas aeronáuticas, establecemento, modificación e apertura ao tráfico de aeródromos autonómicos, e se modifican o Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e se regula a certificación dos aeroportos de competencia do Estado, o Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, e o Real decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

O artigo 149.1.20.^a da Constitución atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de aeroportos de interese xeral, polo que as comunidades autónomas poden asumir nos seus estatutos competencias en relación co resto dos aeródromos que non merezan tal cualificación, en particular, e conforme o previsto no artigo 148.1.6.^a, en relación cos aeroportos deportivos e, en xeral, cos que non desenvolvan actividades comerciais.

Con base nesta distribución competencial, as comunidades autónomas foron asumindo nos seus estatutos competencias diversas na materia que nas últimas modificacións estatutarias se concretaron, en moitos casos, na asunción de competencias exclusivas sobre aeroportos e heliportos que non teñan a cualificación de interese xeral.

Non obstante, o Estado conserva outras competencias exclusivas que inciden nas competencias autonómicas en materia de aeródromos. Este é o caso, conforme o artigo 149.1.20.^a da Constitución, das competencias relativas ao control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo e servizos meteorolóxicos. Así o entendeu o Tribunal Constitucional na Sentenza 68/1984, do 11 de xuño.

Ante a concorrencia de competencias, autonómicas e estatais, sobre as infraestruturas aeroportuarias, o artigo 9.2 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, establece os mecanismos de cooperación para o seu exercicio mediante a técnica da emisión de informes previos, preceptivos e vinculantes, no marco das competencias propias.

Conforme o propio artigo e en aplicación da citada doutrina constitucional, o informe da Administración competente en materia aeronáutica ten como único obxecto asegurar que, no exercicio das competencias autonómicas, se preservan as competencias exclusivas do Estado conforme o artigo 149.1.20.^a da Constitución. En particular, estes informes pretenden asegurar que a planificación e o eventual desenvolvemento dos aeródromos autonómicos son compatibles coa ordenación e estrutura do control do espazo aéreo, do tránsito aéreo e do transporte aéreo e que non afectan as servidumes aeronáuticas e as áreas de afección recollidas nos plans directores dos aeroportos de interese xeral e das bases aéreas e aeródromos militares.

Por razóns de seguridade xurídica é preciso o desenvolvemento regulamentario deste precepto concretando, entre outras cuestións e no marco previsto pola lei, as regras do procedemento a que se suxeita a emisión dos informes previstos no precepto, os supostos en que procede a súa emisión e as materias sobre as cales deben versar.

A competencia para a emisión destes informes atribúeselle á Secretaría de Estado de Transportes, logo de conformidade do órgano competente do Ministerio de Defensa no ámbito das súas competencias. Correspóndelle á Dirección Xeral de Aviación Civil a emisión do certificado sobre a compatibilidade do espazo aéreo dos heliportos, segundo establece a Lei de seguridade aérea.

Este real decreto, con pleno respecto ás competencias autonómicas na materia, non concreta a fase do procedemento de aprobación dos plans ou instrumentos de ordenación, autorización de establecemento, apertura ao tráfico ou modificacións estruturais ou funcionais, en que se deben solicitar os respectivos informes, por pleno respecto ás competencias autonómicas na materia. Será a normativa autonómica de aplicación a estes procedementos a que determine o momento en que se deben solicitar tales informes, asegurando en todo caso que son previos á aprobación ou concesión das respectivas autorizacións e que se respectan os prazos para a súa emisión.

Iso permitirá a solicitude dos respectivos informes nunha fase temperá do procedemento, aquela en que estean suficientemente concretados os aspectos que serán obxecto de avaliación, evitando demoras innecesarias.

Por outra banda, a seguridade aérea é unha competencia estatal exclusiva na medida en que ao Estado lle corresponde, no ámbito normativo e executivo, controlar que os procedementos, as actuacións e os medios que concorren na aviación civil son seguros e, polo tanto, a seguridade do tráfico e do transporte aéreo.

Esta competencia estatal incardínase de forma natural nas competencias exclusivas do Estado en materia de control do espazo aéreo e tráfico aéreo, en canto que trata de garantir a operación segura das aeronaves. Adicionalmente, o Tribunal Constitucional considerou que o establecemento en todo o territorio nacional de garantías uniformes corresponde ao Estado.

Con base neste título competencial, control do espazo aéreo e tráfico aéreo na súa vertente de seguridade operacional, o Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e se regula a certificación dos aeroportos de competencia do Estado, incorpora ao ordenamento xurídico español as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público contidas no anexo 14 ao Convenio sobre aviación civil internacional, que é de aplicación a todos os aeródromos de uso público, con independencia de quen posúa a súa titularidade ou competencia, e impón a existencia dun certificado (OACI) emitido por unha autoridade certificadora, que será a competente para o control do cumprimento das normas técnicas impostas para garantir a seguridade das operacións de tráfico aéreo.

Posteriormente, o Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 2008, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia Europea de Seguridade Aérea, e se derroga a Directiva 91/670/CEE do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1592/2002 e a Directiva 2004/36/CE, na modificación introducida polo Regulamento (CE) n.º 1108/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro, establece a obrigatoriedade da certificación de determinados aeródromos, exixindo que unha autoridade de supervisión única emita un certificado por cada aeródromo.

En consecuencia, é necesario modificar o Real decreto 862/2009, do 14 de maio, e o Regulamento de certificación de aeroportos de competencia do Estado aprobado por el, para adecualo ao previsto na normativa internacional e comunitaria.

Con este obxecto, delimitáanse os aeroportos que, conforme o Regulamento (CE) n.º 216/2008, deben ser certificados e régúlase a certificación daqueles que son de competencia autonómica. Por razóns sistemáticas e sen prexuízo do concepto de aeroporto establecido no artigo 39 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea, o regulamento reserva a denominación de aeroporto co cualificativo certificado a aqueles aeródromos de uso público que, conforme o propio regulamento e por aplicación da normativa comunitaria, deben ser certificados.

O resto dos aeroportos e aeródromos de uso público, sexan de competencia estatal ou autonómica, están suxeitos á verificación do cumprimento das normas técnicas de deseño e operación exixibles por motivos de seguridade operacional. Para estes aeródromos, o regulamento reserva a denominación de aeródromos de uso público.

Así mesmo, para garantir que se preservan as competencias autonómicas en relación coas infraestruturas suxeitas á súa competencia, establécense os necesarios mecanismos de coordinación mediante a técnica dos informes previos e, como instrumento de cooperación adicional, prevese a constitución dun órgano colexiado que, se é o caso, reforce a participación autonómica na materia.

Conforme a lexislación vixente, a competencia para a certificación ou verificación do cumprimento das normas técnicas polos aeródromos de uso público corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Por último, incorpórase ao Real decreto 862/2009, do 14 de maio, a verificación do cumprimento das normas técnicas de deseño e operación dos aeródromos de uso público daquelas infraestruturas sobre as cales as comunidades autónomas non exerceron as súas competencias.

Por razóns de seguridade xurídica e atendendo á pluralidade de modificacións que é preciso introducir no Regulamento de certificación de aeroportos de competencia do Estado, procédese á súa substitución íntegra e á modificación do seu título para adecualo ao seu novo ámbito de aplicación, e mantense sen modificar a regulación precedente no que non se ve afectada pola ampliación do ámbito de aplicación do regulamento.

Atendendo ás alegacións realizadas por algunhas comunidades autónomas na tramitación deste real decreto, abórdanse os mecanismos de cooperación no establecemento das servidumes legais impostas en razón da navegación aérea e na emisión dos informes dos proxectos dos instrumentos de planificación territorial e urbanística que as poidan afectar, para asegurar que, conforme o previsto na disposición adicional única da Lei 48/1960, do 21 de xullo, os ditos instrumentos incorporan as limitacións impostas polas servidumes aeronáuticas. Con este obxecto modifícase o Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas.

Por último, este real decreto modifica a disposición adicional segunda do Real decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co obxecto de lles dar un tratamento homoxéneo aos prazos para a tramitación dos informes aos plans ou instrumentos de ordenación urbanística e territorial.

O disposto neste real decreto non modifica nin afecta a regulación contida no Real decreto 1167/1995, do 7 de xullo, sobre réxime de uso dos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea e un aeroporto e das bases aéreas abertas ao tráfico civil, cuxa regulación segue plenamente vixente.

Na tramitación deste real decreto tívose en conta o parecer das comunidades autónomas competentes en materia de aeródromos, e deuse audiencia ás organizacións máis representativas do sector e ao Consello de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento e da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de agosto de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer o procedemento de emisión dos informes e certificados de compatibilidade previstos no artigo 9.2 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, previos ao establecemento, modificación e apertura ao tráfico dos aeródromos de competencia autonómica e á aprobación dos instrumentos de planificación das instalacións aeroportuarias autonómicas.

Así mesmo, este real decreto concreta os supostos en que procede a emisión destes informes e certificados de compatibilidade e as materias sobre as cales deben versar.

2. As superficies que non dispoñan de infraestruturas permanentes para a operación de aeronaves utilizadas por estas para atender situacións de emerxencia, catástrofes naturais ou situacións equivalentes non están incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto enténdese por:

a) Aeródromo de uso público e de uso restrinxido, os definidos como tales polo artigo 1.3 do Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e o Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público.

b) Aeródromo eventual, a superficie apta para o uso por unha ou varias aeronaves cuxa utilización está limitada no tempo a un máximo de 30 días ao ano e que non dispón de infraestruturas permanentes para a operación de aeronaves.

Cando o uso do aeródromo sexa por un tempo superior será considerado, para os efectos deste real decreto, como aeródromo de uso restrinxido.

c) Servizos de navegación aérea, os definidos no artigo 2 do Regulamento (CE) 549/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2004, polo que se fixa o marco para a creación do ceo único europeo.

Artigo 3. *Actos ou disposicións obxecto de informe e de certificación de compatibilidade co espazo aéreo e órgano competente para a súa emisión.*

1. Serán obxecto de informe ou certificarase a compatibilidade co espazo aéreo, con carácter previo, preceptivo e vinculante, os actos ou disposicións dos órganos competentes das comunidades autónomas en materia de aeródromos que supoñan:

a) A aprobación dos instrumentos de planificación das instalacións aeroportuarias e, en particular, os relativos á ordenación dos aeródromos e as súas zonas de servizo.

b) A autorización ou aprobación de establecemento de novos aeródromos.

c) A autorización da apertura ao tráfico dos aeródromos.

d) A autorización ou aprobación de modificacións, estruturais ou funcionais, en aeródromos xa construídos que afecten ou poidan afectar a estruturación, ordenación e xestión do espazo aéreo, os procedementos de voo ou o tránsito e o transporte aéreo.

2. Correspóndelle á Secretaría de Estado de Transportes, por proposta da Dirección Xeral de Aviación Civil e logo de conformidade do órgano competente do Ministerio de Defensa no que afecta as competencias deste departamento, a emisión dos informes previos á aprobación ou autorización dos instrumentos de planificación das instalacións aeroportuarias autonómicas, e o establecemento, modificación e apertura ao tráfico dos aeródromos autonómicos, agás cando se trate de heliportos.

O certificado de compatibilidade co espazo aéreo previo ao establecemento, modificación ou apertura ao tráfico dos heliportos autonómicos emitírao a Dirección Xeral de Aviación Civil.

Artigo 4. *Contido dos informes e certificados de compatibilidade co espazo aéreo.*

1. Os informes previos, preceptivos e vinculantes, previstos no artigo 3.1, deberán pronunciarse de forma inequívoca sobre a incidencia das actuacións planificadas e das operacións aéreas que se prevexa realizar nelas, en relación:

a) Coa estrutura e ordenación do espazo aéreo.

b) Co tránsito e o control do tráfico aéreo e os servizos de navegación aérea, en particular sobre os de tránsito aéreo.

c) Coa rede de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS) e as súas servidumes aeronáuticas.

d) Coas bases aéreas, aeródromos militares e aeroportos de interese xeral.

e) Coas servidumes aeronáuticas, así como as áreas de afección recollidas nos plans directores dos aeroportos de interese xeral.

f) Co transporte aéreo.

Para iso teranse en conta, entre outros elementos relevantes, a existencia doutros aeródromos na zona, a súa localización, as súas servidumes aeronáuticas, as características físicas e operativas, ademais da compatibilidade xeral do espazo aéreo.

2. Os certificados de compatibilidade, preceptivos e vinculantes, previos ao establecemento, modificación e apertura ao tráfico dos heliportos circunscribíranse á compatibilidade do espazo aéreo da instalación.

3. En todo caso, a emisión do informe ou certificado de compatibilidade favorable previo á apertura ao tráfico dos aeródromos autonómicos de uso público requirirá que o aeródromo ou heliporto conte co certificado de aeroporto ou a resolución favorable de verificación, expedida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea conforme o previsto no Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público, aprobado polo Real decreto 862/2009, do 14 de maio. En tales casos, se procede, poderase emitir o informe ou certificado de compatibilidade conforme o previsto no artigo 21.2.

Artigo 5. *Modificacións estruturais ou funcionais.*

Son modificacións, estruturais ou funcionais, cuxa autorización, conforme o previsto no artigo 3.1, letra d), debe ser previamente sometida a informe, ou certificada a compatibilidade do espazo aéreo, as que supoñan:

- a) O cambio de uso restrinxido a público.
- b) O cambio sobre a clave de referencia do aeródromo segundo determina o Real decreto 862/2009, do 14 de maio.
- c) O cambio da categoría da pista de voo (VFR ou IFR).
- d) Os cambios dos procedementos de voo publicados para a pista de voo.
- e) Os cambios de estrutura do espazo aéreo.
- f) A creación de novas pistas de voo ou a variación dos limiares ou orientación das existentes e as que comporten a modificación da categoría instrumental das pistas de voo.
- g) O establecemento de novo equipamento de comunicación, navegación ou vixilancia (CNS).
- h) Calquera outra modificación funcional ou estrutural que incida nas materias que son obxecto de informe conforme o previsto no artigo 4.

CAPÍTULO II

Instrumentos de planificación

Artigo 6. *Planificación de aeródromos e delimitación das súas zonas de servizo.*

O informe previo á aprobación dos instrumentos de planificación das instalacións aeroportuarias autonómicas e, en particular, os relativos á ordenación dos aeródromos e as súas zonas de servizo emitirase atendendo ao previsto nos artigos 7 e 8.

Artigo 7. *Incidencia no espazo aéreo, tránsito e control aéreo.*

Para determinar a incidencia dos instrumentos de planificación das instalacións aeroportuarias autonómicas en relación coa compatibilidade e necesidades de espazo aéreo, o tránsito e control do tráfico aéreo, os servizos de navegación aérea e a rede de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS), teranse en conta:

- a) Todas as infraestruturas previstas, xa sexan de nova creación ou modificacións das existentes, e a súa localización atendendo ás coordenadas xeográficas do seu punto de referencia no sistema WGS-84.
- b) As necesidades de espazo aéreo que recolle o planeamento, así como a estrutura e cualificación do espazo aéreo que se propón para atender o tráfico aéreo nas infraestruturas do planeamento, a súa compatibilidade co tráfico aéreo preexistente e coas operacións e procedementos asociados a outras infraestruturas aeronáuticas existentes na zona.

c) As instalacións de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS) para a navegación aérea que se requirirían, segundo prevexa o planeamento, e categoría dos procedementos de voo previstos: regras de voo visual (VFR) e regras de voo por instrumentos (IFR), de precisión ou non precisión, así como as necesidades de servizos de navegación aérea para cada caso, atendendo á demanda de tráfico previsible e ás súas correspondentes categorías.

Artigo 8. Incidencia nas infraestruturas aeronáuticas de competencia estatal, transporte aéreo e servidumes aeronáuticas.

Para determinar a incidencia dos instrumentos de planificación das instalacións aeroportuarias autonómicas sobre os aeroportos de interese xeral, bases aéreas, aeródromos militares e o transporte aéreo, terase en conta:

- a) O impacto sobre as servidumes aeronáuticas e os sistemas de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS).
- b) O impacto sobre as áreas de afección previstas nos plans directores dos aeroportos de interese xeral.
- c) O impacto sobre o transporte aéreo, para o cal se atenderá o tráfico aéreo previsto na planificación. En particular, terase en conta o marco regulamentario que definen os convenios bilaterais e multilaterais de transporte aéreo.

CAPÍTULO III

Aeródromos de uso público

Artigo 9. *Establecemento de aeródromos de uso público.*

Para emitir o informe previo ao establecemento de novos aeródromos autonómicos de uso público distintos dos heliportos, terase en conta:

a) En relación coa compatibilidade e necesidades de espazo aéreo, o tránsito e control do tráfico aéreo e os servizos de navegación aérea e a rede de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS):

1.º A localización prevista da infraestrutura, lonxitude e orientación das pistas, atendendo ás coordenadas WGS-84 do punto de referencia de aeródromo (ARP) e dos limiares de pista ou pistas.

2.º As previsións de uso operacional da pista ou pistas do aeródromo, xa sexan para operacións realizadas baixo regras de voo visual (VFR) ou instrumental (IFR).

3.º As estruturas previstas do espazo aéreo asociado ao aeródromo. No caso de que se prevexa realizar voos instrumentais, entre outras, aerovías, áreas de control (CTA), áreas de control terminal (TMA), zonas de control (CTR) e zonas de tránsito de aeródromo (ATZ).

4.º Os servizos de navegación aérea asociados á infraestrutura que se prevén como necesarios para o seu funcionamento, xa sexan servizos de control de tránsito aéreo (aeródromo controlado) ou servizos de información de voo de aeródromo e servizo de alerta (aeródromo AFIS); así como os sistemas e equipamentos de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS).

5.º A incidencia dos usos previstos da infraestrutura co tráfico aéreo preexistente e coas operacións e procedementos asociados a outras infraestruturas aeronáuticas existentes na zona.

b) En relación coa incidencia sobre os aeroportos de interese xeral, bases aéreas, aeródromos militares e transporte aéreo:

1.º As previsións de tráfico aéreo en canto á súa tipoloxía e á demanda prevista.

2.º O impacto sobre as servidumes aeronáuticas e os sistemas de comunicacións, navegación e vixilancia.

3.º O impacto sobre as áreas de afección previstas nos plans directores dos aeroportos de interese xeral.

Artigo 10. *Apertura ao tráfico dos aeródromos de uso público.*

1. Para emitir informe sobre a autorización da apertura ao tráfico dos aeródromos autonómicos de uso público distintos dos heliportos será preciso que o seu establecemento ou modificación obtivese informe favorable.

2. Para a emisión do informe terase en conta o mantemento dos datos e información tidos en conta na emisión dos informes previos ao establecemento ou á modificación e, de ser o caso, o cumprimento das condicións que neles se establecesen. En particular, considerarase a correspondencia:

- a) Das cartas aeronáuticas regulamentarias que se deben publicar.
- b) Dos procedementos de voo e manobras asociadas á infraestrutura, especialmente en relación con aproximacións, engalaxes, saídas normalizadas por instrumentos (SID) e chegadas normalizadas por instrumentos (STAR).
- c) De ser o caso, das estruturas previstas de espazo aéreo asociado ao aeródromo, en especial as aerovías, áreas de control (CTA), áreas de control terminal (TMA), zonas de control (CTR) e zonas de tránsito de aeródromo (ATZ) e outras estruturas asociadas.

3. Así mesmo, deberase ter en conta a dispoñibilidade dos servizos de navegación aérea asociados á infraestrutura que se prevén como necesarios para o seu funcionamento e a súa coherencia coa estruturación do espazo aéreo autorizado e as cartas aeronáuticas. En particular, os servizos de control de tránsito aéreo (aeródromo controlado), servizos de información de voo de aeródromo e servizo de alerta (aeródromo AFIS); servizos de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS), se é o caso, o despregamento de radioaxudas á navegación (VOR, ILS, etcétera) e demais servizos asociados.

Artigo 11. *Modificacións estruturais ou funcionais en aeródromos de uso público.*

Para emitir informe sobre as modificacións estruturais ou funcionais en aeródromos autonómicos de uso público distintos dos heliportos, terase en conta o previsto nos artigos 9 e 10.

CAPÍTULO IV

Aeródromos de uso restrinxido

Artigo 12. *Establecemento e modificacións dos aeródromos de uso restrinxido.*

Para emitir informe sobre o establecemento e as modificacións estruturais ou funcionais dos aeródromos autonómicos de uso restrinxido que non sexan heliportos, terase en conta:

a) En relación coa compatibilidade e necesidades de espazo aéreo, o tránsito e control do tráfico aéreo e os servizos de navegación aérea e a rede de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS):

1.º A localización prevista segundo coordenadas do punto de referencia e tipo e características das aeronaves determinantes.

2.º A orientación prevista da pista ou pistas que se prevén construír ou modificar.

3.º Necesidades de espazo aéreo segundo características operacionais do aeródromo e o seu equipamento de rede de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS) previsto.

4.º As manobras e procedementos de voo que se prevé realizar neles.

5.º A integración no espazo aéreo.

6.º O impacto noutras instalacións aeronáuticas xa existentes.

b) En relación coa incidencia sobre os aeroportos de interese xeral, bases aéreas, aeródromos militares e transporte aéreo, terase en conta o disposto no artigo 9, letra b).

Artigo 13. *Apertura ao tráfico de aeródromos de uso restrinxido.*

1. Para emitir informe sobre a autorización da apertura ao tráfico dun aeródromo autonómico de uso restrinxido distinto dos heliportos será preciso que se emitise informe favorable do seu establecemento ou modificación.

2. Na emisión deste informe abondará con comprobar, de conformidade co previsto no artigo 20.3, o mantemento dos datos e información tidos en conta na emisión dos informes previos ao establecemento ou á modificación e, de ser o caso, o cumprimento das condicións que neles se establecesen.

CAPÍTULO V

Heliportos permanentes

Artigo 14. *Establecemento e modificacións de heliportos.*

1. O establecemento e as modificacións dos heliportos autonómicos permanentes, xa sexan de uso público ou restrinxido, requirirá que, en cada caso, se emitise previamente o certificado de compatibilidade co espazo aéreo da infraestrutura aeronáutica.

2. En ambos os dous casos, para a emisión do certificado de compatibilidade co espazo aéreo terase en conta o disposto no artigo 12, letra a), exclusivamente no que resulte relevante para determinar a dita compatibilidade.

Artigo 15. *Apertura ao tráfico de heliportos.*

1. A certificación da compatibilidade do espazo aéreo dun heliporto autonómico permanente, de uso público ou restrinxido, previa á autorización da súa apertura ao tráfico, só procederá cando se emita certificado favorable previo ao seu establecemento ou modificación.

2. Para a emisión do certificado de compatibilidade previo á apertura ao tráfico dun heliporto autonómico permanente de uso público terase en conta o establecido no artigo 10.

3. Para a emisión do certificado de compatibilidade previo á apertura ao tráfico dun heliporto autonómico permanente de uso restrinxido abondará con comprobar, de conformidade co previsto no artigo 20.3, o mantemento dos datos e información tidos en conta na emisión dos informes previos ao establecemento ou á modificación e, de ser o caso, o cumprimento das condicións que neles se establecesen.

CAPÍTULO VI

Aeródromos eventuais

Artigo 16. *Aeródromos eventuais.*

1. Con carácter previo á autorización do uso dos aeródromos autonómicos eventuais, incluídos os heliportos eventuais, que se encontren dentro dunha zona controlada, restrinxida ou perigosa, ou dentro da zona de afección doutra infraestrutura aeronáutica, solicitarase o informe ou certificado de compatibilidade, segundo corresponda, nos termos previstos, respectivamente, nos artigos 12 e 14.

2. Para a autorización do uso do resto dos aeródromos autonómicos eventuais, incluídos os heliportos, abondará con informar a Axencia Estatal de Seguridade Aérea da súa localización e do seu período de utilización.

CAPÍTULO VII

Procedemento*Artigo 17. Solicitude e documentación.*

1. Á solicitude do órgano competente da comunidade autónoma dos informes ou certificados de compatibilidade regulados neste real decreto deberase xuntar a documentación necesaria para efectuar a análise prevista nos capítulos II a VI, ambos os dous incluídos, así como, se é o caso, a análise que sobre tales aspectos puidese efectuar o dito órgano autonómico.

No anexo relaciónase a documentación que, como mínimo, se debe presentar xunto coa solicitude. A dita documentación, na medida do posible, achegarase en formato electrónico.

2. A solicitude de informe ou certificado de compatibilidade presentárase ante a Dirección Xeral de Aviación Civil e irá dirixida conxuntamente á Secretaría de Estado de Transportes e ao Ministerio de Defensa, cando se solicite a emisión dos informes, ou á Dirección Xeral de Aviación Civil, cando se solicite a emisión dos certificados de compatibilidade.

Artigo 18. Instrución do procedemento.

Corresponde á Dirección Xeral de Aviación Civil a instrución, impulso e tramitación do procedemento de emisión dos informes ou certificados de compatibilidade previos, preceptivos e vinculantes, previstos neste capítulo, sen prexuízo das competencias atribuídas á Comisión Interministerial entre Defensa e Fomento (CIDEFO).

Artigo 19. Procedemento de emisión de informes en relación con aeródromos de uso público que non sexan heliportos.

1. Comprobada a suficiencia da documentación, a Dirección Xeral de Aviación Civil remitirá a que corresponda á Comisión Interministerial entre Defensa e Fomento co obxecto de que esta, no prazo máximo de catro meses, ditamine sobre a incidencia da actuación proxectada en relación:

- a) Coa estrutura e ordenación do espazo aéreo.
- b) Co tránsito aéreo.
- c) Coa rede de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS).
- d) Coas servidumes aeronáuticas das bases aéreas, aeródromos militares, aeródromos civís de uso público e rede de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS) e das áreas de afección recollidas nos plans directores.

2. No prazo previsto no número anterior, a Dirección Xeral de Aviación Civil ditaminará sobre a incidencia da actuación que se proxecta no transporte aéreo, de ser o caso, logo de ditame das entidades e organismos cuxas competencias se poidan ver afectadas polo informe desta dirección xeral.

Artigo 20. Procedemento de emisión de informe ou certificado de compatibilidade en relación co resto dos aeródromos.

1. Os informes previos ao establecemento e modificacións dos aeródromos de uso restrinxido e os informes previos ao uso dos aeródromos eventuais, salvo que se trate de heliportos, previstos, respectivamente, nos artigos 12 e 16.1, tramitaranse conforme o previsto no artigo 19.

2. A tramitación dos certificados de compatibilidade do espazo aéreo relativos ao establecemento e modificacións dos heliportos permanentes e de uso eventual, previstos, respectivamente, nos artigos 14 e 16.1, axustarase ao disposto no artigo 19.1.

3. A apertura ao tráfico dun aeródromo de uso restrinxido ou dun heliporto permanente contará co informe ou será certificada a súa compatibilidade co espazo

aéreo, respectivamente, de modo favorable sen necesidade de solicitar o informe da Comisión Interministerial entre Defensa e Fomento, sempre que o órgano competente da comunidade autónoma identifique o titular da infraestrutura e o xestor do aeródromo e faga constar a correspondencia da localización, uso e características aeronáuticas xerais da infraestrutura coas cales serviron de base para a emisión do informe ou certificado de compatibilidade previos á autorización do seu establecemento. Noutro caso, procederáse conforme o previsto no artigo 19.1.

O ditame ou informe emitido polo órgano competente da comunidade autónoma respecto aos aspectos previstos no parágrafo anterior permite acreditar estes aspectos ante a Dirección Xeral de Aviación Civil.

Artigo 21. Emisión dos informes ou certificados de compatibilidade e cómputo de prazos.

1. Os informes e os certificados de compatibilidade do espazo aéreo emitiraos o órgano competente conforme o previsto no artigo 3, unha vez tidos en conta os ditames emitidos segundo o previsto nos artigos 19 e 20.

A conformidade do órgano competente do Ministerio de Defensa solicitará a Dirección Xeral de Aviación Civil, xuntando á proposta de informe, cando proceda, o emitido pola Comisión Interministerial entre Defensa e Fomento. Para a emisión dos certificados de compatibilidade do espazo aéreo abondará co informe emitido pola citada comisión interministerial.

2. Se o órgano competente para a emisión do informe ou certificado de compatibilidade considera, se é o caso, que o acto ou disposición autonómica non garante suficientemente as competencias estatais, deberá establecer no mesmo informe ou certificado as condicións de salvagarda das ditas competencias. Neste suposto o informe ou certificado de compatibilidade terá o carácter de desfavorable, sendo de aplicación o disposto no artigo 23 para a acreditación das condicións establecidas.

O previsto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo daqueles informes ou certificados de compatibilidade previos ao establecemento ou modificación de aeródromos que, considerando salvagardadas as competencias estatais, anticipen os requisitos ou condicións que o órgano competente considere que se deben cumprir con carácter previo á apertura ao tráfico do aeródromo co obxecto de manter a dita salvagarda.

3. O prazo para a emisión dos informes ou certificados de compatibilidade será de seis meses e empezará a computar desde a data en que tivese entrada na Dirección Xeral de Aviación Civil a documentación completa prevista no artigo 17.

Para os exclusivos efectos do dito cómputo, nos 20 días seguintes ao da data de rexistro de entrada na Dirección Xeral de Aviación Civil da solicitude de informe ou certificado de compatibilidade, esta resolverá sobre a suficiencia da documentación presentada ou, de ser o caso, requirirá a documentación complementaria que sexa precisa.

A resolución sobre a suficiencia da documentación prevista neste número non impide que ao longo do procedemento, se se considera necesario, se poida requirir documentación complementaria. En tal caso, poderase suspender o prazo de emisión do informe polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento.

4. Transcorrido o prazo de seis meses previsto no número anterior sen que se emitise o informe ou certificado de compatibilidade solicitado, entenderase que estes teñen carácter favorable, salvo no caso dos informes ou certificados de compatibilidade previos á apertura ao tráfico se previamente non se acredita o cumprimento do requisito establecido no artigo 4.3, que se debe considerar esencial para os efectos do artigo 62.1, letra f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 22. Vixencia dos informes ou certificados de compatibilidade.

1. Os informes e certificados de compatibilidade terán unha vixencia de dous anos desde a súa data de emisión.

2. Se durante o dito período non se executaren as actuacións cuxa autorización ou aprobación fose sometida a informe, ou certificada a compatibilidade do espazo aéreo, ou a dita execución se suspendese por calquera causa, para iniciar ou proseguir a execución da actuación, deberase solicitar, con carácter previo:

a) A ampliación do prazo da vixencia do informe ou certificado de compatibilidade, cando por causa xustificada non se puidese executar a actuación obxecto de informe.

A ampliación do prazo da vixencia do informe ou certificado de compatibilidade en ningún caso excederá os 12 meses.

b) A emisión dun novo informe ou certificado de compatibilidade, nos supostos non previstos no número anterior.

3. A resolución sobre a procedencia da prórroga deberaa emitir o órgano competente conforme o previsto no artigo 3.2, no prazo de tres meses desde a data de solicitude, tendo en conta a xustificación sobre a imposibilidade de realizar a actuación prevista e os efectos que puider ter a demora sobre outras actuacións pendentes de informe ou sobre os aspectos recollidos no artigo 4.

Artigo 23. Acreditación das condicións establecidas no informe ou certificado de compatibilidade.

1. Cando se emitise o informe ou certificado de compatibilidade conforme o previsto no artigo 21.2, o procedemento de emisión dun novo informe ou certificado de compatibilidade iniciárase mediante solicitude dirixida á Dirección Xeral de Aviación Civil, á cal se xuntará unicamente a documentación acreditativa do cumprimento das condicións impostas.

2. Verificada a acreditación das condicións impostas no informe ou certificado de compatibilidade e sen necesidade de ningún outro trámite, a Secretaría de Estado de Transportes ou a Dirección Xeral de Aviación Civil, segundo sexa o caso, emitirá o informe ou certificado de compatibilidade que proceda.

Este informe ou certificado de compatibilidade unicamente se pronunciará sobre o cumprimento das condicións impostas no emitido conforme o previsto no artigo 21.2.

3. O prazo máximo para emitir este informe ou certificado de compatibilidade será de tres meses desde a data de rexistro de entrada na Dirección Xeral de Aviación Civil da documentación acreditativa do cumprimento das ditas condicións. Transcorrido este prazo sen que se emitise o informe ou certificado de compatibilidade solicitado, entenderase que estes teñen carácter favorable.

Disposición transitoria única. Disposicións transitorias en relación cos procedementos.

Os procedementos iniciados no momento da entrada en vigor deste real decreto continuarán a súa tramitación conforme o previsto nel, conservándose todos os trámites realizados con anterioridade á dita entrada en vigor e sen que proceda, en ningún caso, retrotraer as actuacións.

Se non for posible continuar a tramitación do procedemento conforme o previsto neste real decreto sen retrotraer as actuacións, aquel axustarase ao disposto na normativa vixente antes da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e se regula a certificación dos aeroportos de competencia do Estado.

O Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e se regula a certificación dos aeroportos de competencia do Estado, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o título, que pasa a se rubricar «Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e o Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público».

Dous. Modifícase o artigo único, que se renumera como artigo 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 1. *Normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público.*

1. Incorporáanse ao ordenamento xurídico español as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público contidas no anexo 14, «Aeródromos», ao Convenio sobre aviación civil internacional, cuxo texto, coas convenientes adaptacións, se inclúe como anexo a este real decreto.

2. As normas técnicas do anexo son de aplicación aos aeródromos abertos ao uso público.

As normas técnicas que se inclúen como recomendacións no anexo constitúen estándares técnicos de obrigado cumprimento para os aeródromos civís de uso público. Non obstante, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá admitir desviacións das recomendacións do anexo sempre que:

a) O cumprimento da recomendación non sexa razoablemente viable ou sexa necesaria unha ampliación temporal para o seu cumprimento, e

b) O xestor do aeródromo de uso público acredite, mediante unha análise de riscos do sistema de xestión de seguridade (SMS) do aeródromo, que as medidas alternativas que propón garanten suficientemente o mantemento dun nivel de seguridade aceptable.

Ademais, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá solicitar ao xestor do aeródromo de uso público a realización dun estudo aeronáutico de seguridade que analice o incumprimento da recomendación de que se trate e estableza as medidas alternativas consideradas para alcanzar niveis de seguridade aceptables.

3. Para os efectos do disposto neste real decreto, enténdese por aeródromo de uso público o aeródromo civil que ofrezca servizos a calquera usuario sen discriminación e figure como tal na publicación de información aeronáutica (AIP) do Servizo de Información Aeronáutica.

En todo caso, considéranse aeródromos de uso público os aeródromos civís en que se prevea a realización de operacións de transporte comercial de pasaxeiros, mercadorías e correo, mantemento de aeronaves para transporte comercial, base de escolas de voo para pilotos comerciais e de aerotaxi, e voos turísticos.

O resto dos aeródromos considéranse aeródromos de uso restrinxido.

Están excluídas dos conceptos definidos neste número as bases aéreas e aeródromos militares, as instalacións civís nelas situadas, así como as zonas e instalacións militares dos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea ou aeródromo militar e un aeroporto, segundo se definen no Real decreto 1167/1995, do 7 de xullo, sobre réxime de uso dos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea e un aeroporto e das bases aéreas abertas ao tráfico civil.

4. Así mesmo, as normas técnicas do anexo serán aplicables ás bases aéreas abertas ao tráfico civil e aos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea e un aeroporto, na medida en que a súa aplicación resulte compatible coa operatividade destas, de acordo coas necesidades da defensa nacional.»

Tres. Engádesse un novo artigo 2, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 2. *Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público.*

Apróbase o Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público, cuxo texto se inclúe a continuación.»

Catro. Engádesse unha nova disposición transitoria terceira coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Aeródromos de uso público abertos ao tráfico suxeitos á verificación da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.*

1. Os xestores de todos os aeródromos civís actualmente abertos ao tráfico aéreo deberán comunicar á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, como moi tarde nos tres meses seguintes á entrada en vigor desta disposición, se, de conformidade co previsto no artigo 1.3, son aeródromos de uso público, e porán de manifesto, noutro caso, a súa condición de aeródromo de uso restrinxido.

A información relativa ao uso público ou restrinxido do aeródromo civil deberase manter actualizada na publicación de información aeronáutica (AIP). O xestor do aeródromo de uso público é o responsable de trasladar esta información ao servizo de información aeronáutica (AIS), conforme os procedementos do manual de aeródromo de uso público.

2. Os aeródromos civís abertos ao tráfico que, de acordo co previsto no número anterior, puxesen de manifesto a súa condición de aeródromos de uso público, dispoñen dun período transitorio, que finalizará o 31 de decembro de 2013, para realizaren as obras de adecuación que sexan necesarias para a súa plena adaptación ás normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público aprobadas por este real decreto.

Para tal efecto, o xestor aeroportuario elaborará, no prazo de tres meses contados desde a finalización do prazo previsto no número 1, o programa de actuacións para a adecuación a que se refire o parágrafo anterior, que deberá ser autorizado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea. No caso de aeródromos de uso público autonómicos, en relación cos cales a lexislación autonómica en materia de aeródromos prevexa que a comunidade autónoma é competente para a emisión de informes, ditames ou certificados en materia de normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público, a autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea realizarase logo de informe da comunidade autónoma.

3. Tras a autorización do programa de adecuación previsto no número anterior, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, contando co parecer das comunidades autónomas nos supostos previstos no segundo parágrafo do dito número, aprobará un plan de verificación aplicable aos aeródromos de uso público que se encontren en funcionamento no momento da entrada en vigor deste real decreto. A data límite para a execución do plan será o 31 de decembro do ano 2016.

4. Os aeródromos civís que non presenten o programa de actuacións para a súa adecuación ás normas técnicas de deseño e operación aprobadas por este real decreto, ou que non realicen as obras de adecuación segundo o previsto nesta disposición transitoria, deberanse transformar en aeródromos de uso restrinxido, con suxeición plena ás normas que os regulan, ou pechar as súas instalacións.

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea verificará o cumprimento do disposto no parágrafo anterior, e poderá adoptar as medidas restritivas ou sancionadoras que procedan se o aeródromo continúa funcionando, despois de ordenar a súa clausura, ou se funciona de feito como un aeródromo de uso público, despois de se ter transformado nun aeródromo de uso restrinxido ou ter manifestado que ten esta condición.

5. Os programas de actuacións aprobados pola Secretaría de Estado de Transportes, conforme o previsto na disposición transitoria primeira, con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, seguirán sendo de aplicación.

Non obstante, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, na execución do Plan de certificación de aeroportos en funcionamento previsto na disposición transitoria segunda, e en relación cos aeródromos de uso público que non reúnan os requisitos establecidos no artigo 2.2 do Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público, emitirá, nos prazos previstos no dito plan, a resolución de verificación que proceda.»

Cinco. Modifícase a rúbrica da disposición derradeira segunda, á cal se engaden dous novos números, 3 e 4, do seguinte teor:

«Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e aplicación.*

(...)

3. O director xeral de Aviación Civil, de conformidade co procedemento previsto no artigo 8 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, por iniciativa da Axencia Estatal de Seguridade Aérea e tendo en conta as prescricións e recomendacións da Organización Internacional de Aviación Civil (OACI) e dos organismos internacionais de que forme parte o Estado español, ditará, mediante circular aeronáutica, as disposicións de carácter secundario e contido técnico que completen e precisen a aplicación das normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público contidas no anexo para os aeródromos civís, en particular aquelas que establezan os procedementos para o cumprimento do disposto nelas.

4. O director de Seguridade de Aeroportos e Navegación Aérea da Axencia Estatal de Seguridade Aérea aprobará as guías técnicas de orientación para a aplicación das normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público contidas no anexo para os aeródromos civís e adoptará as instrucións dirixidas ao persoal encargado da certificación, verificación e vixilancia do seu cumprimento sobre os procedementos que se van aplicar para avaliar o cumprimento das citadas normas.

5. O director de Seguridade de Aeroportos e Navegación Aérea da Axencia Estatal de Seguridade Aérea publicará na páxina web da Axencia Estatal de Seguridade Aérea os criterios de aplicación para a solicitude ao xestor do aeródromo de uso público dos estudos aeronáuticos de seguridade a que se refire o artigo 1.2, parágrafo final, deste real decreto.»

Seis. Engádese unha nova disposición derradeira terceira, pasando a actual disposición derradeira terceira a se renumerar como disposición derradeira cuarta, do seguinte teor:

«Disposición derradeira terceira. *Convenios de colaboración.*

Mediante un convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a comunidade autónoma respectiva poderanse acordar instrumentos de cooperación para a aplicación do disposto no artigo 23 do Regulamento de certificación e verificación de aeroportos e outros aeródromos de uso público».

Sete. Substitúese o Regulamento de certificación de aeroportos de competencia do Estado, que pasa a quedar redactado nos seguintes termos:

«REGULAMENTO DE CERTIFICACIÓN E VERIFICACIÓN DE AEROPORTOS E OUTROS AERÓDROMOS DE USO PÚBLICO

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto regular o réxime de certificación e verificación dos aeroportos e outros aeródromos de uso público.

Así mesmo, este regulamento regula o procedemento para outorgar o certificado de aeroporto e ditar a resolución de verificación de aeródromo de uso público, así como o procedemento para a súa modificación, renovación, limitación, suspensión e revogación.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento é de aplicación a todos os aeroportos e ao resto dos aeródromos de uso público situados no territorio español.

2. En todo caso, deberán ser certificados os aeroportos, calquera que sexa a súa natureza, denominación ou titularidade, que presten servizos ao tráfico aéreo comercial e teñan establecidos procedementos de aproximación ou de saída por instrumentos e

1.º Teñan unha pista pavimentada de 800 metros ou máis ou se utilicen exclusivamente para helicópteros, e

2.º Xestionen máis de 10.000 pasaxeiros ao ano ou máis de 850 movementos ao ano relacionados con operacións de carga.

O resto de aeroportos e aeródromos de uso público será obxecto de verificación de conformidade co disposto neste regulamento.

3. Os xestores dos aeroportos e do resto dos aeródromos de uso público, antes de obteren a licenza ou autorización de apertura ao tráfico, deberán dispor, segundo corresponda, dun certificado ou dunha resolución de verificación favorable para cada infraestrutura aeroportuaria.

Igualmente, antes de obter a licenza ou autorización de apertura ao tráfico das obras ou modificacións que afecten as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público, o xestor da infraestrutura aeroportuaria deberá dispor da modificación do certificado ou da resolución favorable de verificación que acredite o mantemento das condicións de seguridade operacional.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste regulamento enténdese por:

a) Aeroporto certificado: aeroporto a cuxo xestor se lle outorgou un certificado de aeroporto.

b) Aeródromo de uso público: o aeródromo definido no artigo 1.3 deste real decreto.

c) Aeródromo de uso público verificado: aeroporto ou aeródromo civil de uso público cuxo xestor obtivo unha resolución favorable de verificación.

d) Xestor da infraestrutura aeroportuaria: persoa física ou xurídica designada polo titular do aeroporto ou aeródromo de uso público e que cumpre os requisitos para o exercicio das obrigas que determina o artigo 40 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

e) Xestor certificado ou verificado: persoa, física ou xurídica, titular do correspondente certificado de aeroporto ou da resolución favorable de verificación de aeródromo de uso público e que, como tal, é o responsable do cumprimento dos requisitos recollidos neste regulamento no aeroporto ou aeródromo de uso público para o que se expediu, respectivamente, o certificado ou a resolución favorable de verificación.

f) Limitación do certificado ou da resolución favorable de verificación: restrición temporal que pode ser imposta, segundo sexa o caso, ao certificado de aeroporto ou á resolución favorable de verificación de aeródromo de uso público, como consecuencia do incumprimento dalgunha das disposicións deste regulamento ou das normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público aprobadas por este real decreto, de forma que poida seguir operando con esas restricións sen necesidade de suspender ou revogar o certificado ou a resolución favorable de verificación.

g) Manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público: documento esencial para a emisión, respectivamente, do certificado ou da resolución favorable de verificación preparado de acordo coas especificacións deste regulamento e que

contén a información que permite comprobar que a infraestrutura aeroportuaria, as súas instalacións, servizos, equipamentos, sistemas e procedementos operacionais se axustan ao disposto neste regulamento e que é adecuado para as operacións de aeronave propostas.

h) Provedores de servizos de navegación aérea: calquera entidade pública ou privada encargada da prestación de servizos de navegación aérea para a circulación aérea xeral.

i) Seguridade operacional: estado en que o risco de lesións ás persoas ou danos aos bens se reduce e se mantén nun nivel aceptable, ou por debaixo del, por medio dun proceso continuo de identificación de perigos e xestión de riscos.

j) Servizos de navegación aérea: os servizos de tránsito aéreo, os servizos de comunicación, navegación e vixilancia, os servizos meteorolóxicos destinados á navegación aérea e os servizos de información aeronáutica.

k) Sistema de Xestión da Seguridade Operacional (SGS): sistema específico para cada infraestrutura aeroportuaria, no cal se detallan a estrutura orgánica, as responsabilidades, os procedementos, os procesos e as disposicións que en materia de seguridade aeronáutica aplica o xestor certificado ou verificado e que permite utilizar o aeródromo de forma segura.

Artigo 4. *Bases aéreas e aeródromos de utilización conxunta.*

Quedan fóra do ámbito de aplicación deste regulamento as bases aéreas e aeródromos militares, as instalacións civís situadas nelas, así como as zonas e instalacións militares dos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea ou aeródromo militar e un aeroporto, segundo se definen no Real decreto 1167/1995, do 7 de xullo, sobre réxime de uso dos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea e un aeroporto e das bases aéreas abertas ao tráfico civil.

Artigo 5. *Órgano competente.*

Corresponde ao director de Seguridade de Aeroportos e Navegación Aérea da Axencia Estatal de Seguridade Aérea resolver sobre o outorgamento, modificación, renovación, limitación, suspensión e revogación do certificado de aeroporto e da verificación de aeródromos de uso público, así como conceder as exencións previstas no artigo 8.

Corresponde ao director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea a autorización para a apertura ao tráfico e clausura dos aeroportos e outros aeródromos de uso público de competencia da Administración xeral do Estado.

CAPÍTULO II

Das obrigas do xestor certificado ou verificado

Artigo 6. *Obrigas xerais do xestor certificado ou verificado.*

O xestor certificado ou verificado deberá asegurar, respectivamente, a continuidade de uso do aeroporto certificado ou do aeródromo de uso público verificado en condicións de seguridade operacional que, polo menos, se correspondan coas exixidas neste regulamento, así como o cumprimento das demais obrigas que determina o artigo 40 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, e, en particular, das seguintes:

a) Cumprir coas normas técnicas de aeródromos de uso público aprobadas por este real decreto, e nas disposicións ditadas no seu desenvolvemento e aplicación, incluídas as guías técnicas de orientación, co Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 2008, sobre

normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia Europea de Seguridade Aérea, e se derroga a Directiva 91/670/CEE do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1592/2002 e a Directiva 2004/36/CE, e cos requisitos deste regulamento.

b) Non efectuar nin permitir que se efectúen no aeroporto certificado ou no aeródromo de uso público verificado nin nas súas instalacións cambios que poidan afectar as condicións de outorgamento do certificado ou da resolución favorable de verificación, sen a autorización previa da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

c) Asegurar o cumprimento continuado das condicións contidas no certificado ou resolución favorable de verificación correspondente.

d) Vixiar e exixir que todos os provedores de servizos no aeroporto certificado ou no aeródromo de uso público verificado cumpran cos requisitos e procedementos establecidos no certificado ou na resolución favorable de verificación e no manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público.

e) Manter a capacidade profesional e a organización necesaria para garantir a seguridade operacional do aeroporto certificado ou aeródromo de uso público verificado.

f) Xestionar os servizos do aeroporto certificado ou aeródromo de uso público verificado, as súas instalacións, sistemas e equipamentos, conforme os procedementos establecidos no manual e os requisitos establecidos neste regulamento e na normativa que resulte de aplicación.

g) Cooperar e coordinarse co provedor de servizos de navegación aérea en todo o relacionado coa seguridade operacional no ámbito das competencias respectivas.

h) Someterse a todas as actividades inspectoras que ordene a Axencia Estatal de Seguridade Aérea colaborando ao seu bo fin.

i) Contar con medios humanos, materiais e técnicos adecuados para desenvolver e aplicar procedementos programados de verificación e control do cumprimento das regras técnicas e de seguridade operacional aplicables ás actividades e aos servizos que se presten, dentro do ámbito deste regulamento, no aeroporto certificado ou no aeródromo de uso público verificado.

Artigo 7. *Requisitos para obter e manter en vigor o certificado de aeroporto ou a resolución favorable de verificación.*

Para obter e manter en vigor o certificado de aeroporto ou a resolución favorable de verificación de aeródromo de uso público deberanse satisfacer os seguintes requisitos:

a) Adecuar e manter o aeroporto certificado ou o aeródromo de uso público verificado, as súas instalacións, servizos, sistemas e equipamentos de conformidade co disposto neste regulamento, nas normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público vixentes en cada momento e no resto das disposicións que resulten de aplicación.

b) Dispor do correspondente manual do aeroporto ou de aeródromo de uso público aprobado no acto da certificación ou na resolución favorable de verificación, segundo corresponda, e mantelo permanentemente actualizado cumprindo, na súa forma e contido, co disposto neste regulamento.

c) Manter actualizado o manual do aeroporto ou o manual de aeródromo de uso público, segundo corresponda, conforme o disposto no artigo 12.2.

d) Establecer e manter os procedementos de operación do aeroporto certificado ou aeródromo de uso público verificado para garantir a seguridade operacional das aeronaves durante o período de vixencia do certificado de aeroporto ou da resolución favorable de verificación e, de ser o caso, as medidas alternativas aceptadas en virtude do establecido no artigo 8.

e) Dispor dun sistema de xestión da seguridade operacional, cuxa descrición se incorporará ao manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público.

f) Garantir a conformidade do aeroporto certificado ou do aeródromo de uso público verificado, as súas instalacións, servizos, sistemas e equipamentos, o manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público, os procedementos de operación e as medidas alternativas aceptadas, se é o caso, en virtude do establecido no artigo 8, e o sistema de xestión da seguridade operacional de acordo coa documentación achegada para a obtención ou modificación do certificado ou da resolución favorable de verificación.

Artigo 8. *Exencións.*

1. No certificado de aeroporto ou na resolución favorable de verificación de aeródromo de uso público, o director de Seguridade de Aeroportos e Navegación Aérea da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá conceder exencións ao cumprimento das disposicións das normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público, con suxeición ao cumprimento de condicións adicionais necesarias para alcanzar un nivel equivalente de seguridade operacional, cando:

a) Exista unha solicitude de exención fundada en que o cumprimento dun requisito non é razoablemente viable, ou ben é necesaria unha ampliación temporal para o seu cumprimento e

b) O xestor da infraestrutura aeroportuaria acredite, mediante a achega dos estudos aeronáuticos de seguridade necesarios asinados por facultativo competente, que as medidas alternativas que propón garanten suficientemente o mantemento dun nivel de seguridade operacional equivalente.

2. A solicitude de exencións formularaa o xestor da infraestrutura aeroportuaria ante a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, xunto coa solicitude de certificación ou de resolución de verificación, xuntando os documentos correspondentes. En todo caso, deberanse achegar os documentos establecidos no artigo 16.1.c).

Se, con posterioridade ao outorgamento do certificado ou á adopción da resolución favorable de verificación, xurdisen diferenzas con respecto ás normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público vixentes, o xestor certificado ou verificado estará obrigado a solicitar a exención durante o tempo imprescindible para proceder á adecuación do aeroporto ou aeródromo de uso público. A solicitude destas exencións formularase xunto á solicitude de modificación do certificado ou da resolución favorable de verificación. A esta solicitude xuntaranse, en todo caso, os documentos sinalados no artigo 16.1 c).

3. Na resolución pola que se certifique o aeroporto ou na resolución favorable de verificación do aeródromo de uso público faranse constar claramente as disposicións obxecto de exención e o motivo do seu outorgamento ou denegación, o alcance temporal das exencións concedidas, a actividade que se pode realizar ao abeiro da resolución adoptada, así como as condicións de outorgamento da exención e as medidas equivalentes propostas polo xestor e aceptadas pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

4. A concesión dunha exención non eximirá o xestor da infraestrutura aeroportuaria do cumprimento do resto de requisitos exigibles conforme este regulamento sobre os cales non se aplicase ningunha exención.

5. O xestor certificado ou verificado virá obrigado a reflectir as exencións e o seu alcance temporal no manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público, na epígrafe que resulte de aplicación, e a instar a súa inserción na publicación de información aeronáutica (AIP) correspondente ao aeroporto ou aeródromo de uso público.

6. As exencións seguirán o mesmo réxime xurídico que a certificación de aeroporto ou a resolución favorable de verificación de aeródromo de uso público.

CAPÍTULO III

Certificación de aeropertos

Sección 1.^a O certificado de aeroporto

Artigo 9. *Certificado de aeroporto.*

1. O certificado de aeroporto é o documento expedido pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea que acredita a aptitude do xestor da infraestrutura aeroportuaria e a conformidade do aeroporto, a súa explotación e os seus equipamentos relacionados coa seguridade das operacións de transporte aéreo, incluídos os equipamentos, sistemas e comunicacións de navegación aérea, co establecido nas normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público, aprobadas por este real decreto, e nas disposicións ditadas no seu desenvolvemento e aplicación, incluídas as guías técnicas de orientación, e co Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 2008, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia Europea de Seguridade Aérea, e se derroga a Directiva 91/670/CEE do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1592/2002 e a Directiva 2004/36/CE, sempre que se manteñan as condicións establecidas no certificado.

2. A ausencia, limitación, suspensión ou revogación do certificado de aeroporto suporá a perda ou, de ser o caso, a limitación da capacidade da infraestrutura aeroportuaria para aceptar operacións de transporte aéreo.

Serán responsabilidade do xestor da infraestrutura aeroportuaria os prexuízos ocasionados a terceiros pola ausencia, limitación, suspensión ou revogación do certificado.

Artigo 10. *Eficacia do certificado.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 19, o certificado de aeroporto expedirase por tempo indefinido, agás:

a) En infraestruturas aeroportuarias de nova construción, en que a eficacia do primeiro certificado expedido non excederá os 36 meses.

b) No caso de se ter outorgado o certificado con algunha exención conforme o disposto no artigo 8, caso en que a Axencia Estatal de Seguridade Aérea determinará a eficacia temporal do certificado de aeroporto, ben que esta non poderá exceder a das referidas exencións.

No certificado de aeroporto farase constar a duración da súa eficacia.

2. Coa periodicidade que se fixe nos plans de inspección, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea realizará auditorías para comprobar o cumprimento das condicións establecidas neste regulamento, sen prexuízo de calquera outra actuación inspectora que se considere conveniente realizar. Os plans de inspección deberán asegurar que se realiza unha auditoría a cada un dos aeropertos certificados, polo menos, cada seis anos.

Así mesmo, o director de Seguridade de Aeropertos e Navegación Aérea da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, nos seis meses seguintes á presentación polo xestor da infraestrutura aeroportuaria da documentación prevista no artigo 12.2, deberase pronunciar sobre a aceptación do manual do aeroporto. Se no dito prazo a Axencia Estatal de Seguridade Aérea non se pronunciase expresamente sobre a aceptación do manual do aeroporto, esta deberase entender denegada.

A non aceptación do manual de aeroporto determinará a iniciación dun procedemento de suspensión, limitación ou revogación do certificado, segundo proceda, conforme o previsto no artigo 19.

Artigo 11. *Causas de perda da eficacia do certificado de aeroporto.*

1. En todo momento, a eficacia do certificado de aeroporto estará condicionada a que non se produza algunha das seguintes circunstancias, sempre que afecten a seguridade operacional:

a) Incurrir en irregularidades ou incumprimentos das normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público, aprobadas por este real decreto, e as súas disposicións de desenvolvemento e aplicación, incluídas as guías técnicas de orientación, do Regulamento (CE) n.º 216/2008 e deste regulamento.

b) Modificacións non autorizadas do manual do aeroporto.

c) Constatación de erros, deficiencias ou inexactitudes na documentación achegada para a obtención do certificado ou no manual do aeroporto.

d) Non adopción nos prazos establecidos para o efecto das medidas impostas para a corrección de erros ou deficiencias noutros documentos.

e) Non aplicación nos prazos acordados para o efecto das medidas impostas para emendar deficiencias que dean lugar á suspensión, limitación ou revogación do certificado.

2. Así mesmo, a eficacia do certificado estará condicionada a que non se produza a perda ou suspensión do título habilitante para xestionar o aeroporto.

Sección 2.ª O manual do aeroporto

Artigo 12. *Características do manual do aeroporto.*

1. O manual do aeroporto conterá toda a información pertinente relativa á localización, instalacións, servizos, sistemas e equipamentos, procedementos operacionais, organización e administración da infraestrutura aeroportuaria a que se refire, incluíndo o sistema de xestión da seguridade operacional.

O manual do aeroporto será aprobado polo director de Seguridade de Aeroportos e Navegación Aérea da Axencia Estatal de Seguridade Aérea no mesmo acto de outorgamento do certificado de aeroporto.

2. O xestor certificado virá obrigado a manter permanentemente actualizado o manual do aeroporto e a remitir á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no primeiro trimestre de cada exercicio, o manual de aeroporto coas modificacións e actualizacións realizadas no ano natural anterior.

3. O manual do aeroporto cumprirá os seguintes requisitos formais:

a) Estará asinado polo xestor da infraestrutura aeroportuaria.

b) Presentarase nun formato que facilite a súa modificación e actualización.

c) Contará cun sistema para rexistrar a vixencia das páxinas e as emendas destas, incluíndo unha páxina para rexistrar as modificacións e actualizacións.

d) Organizarase de forma que facilite a súa consulta e exame por parte da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Artigo 13. *Estrutura e contido do manual do aeroporto.*

1. Todo manual do aeroporto deberá comezar cunha declaración do xestor da infraestrutura aeroportuaria sobre a información do manual e a súa correspondencia coa organización, equipamento, instalacións e procedementos da dita infraestrutura e que as informacións contidas nel demostran que a infraestrutura aeroportuaria é conforme coa normativa aplicable.

2. O xestor certificado deberá manter actualizada no seu manual e proporcionar ao servizo de información aeronáutica toda a información pertinente relativa á seguridade operacional, regularidade e eficiencia das instalacións, servizos, sistemas, equipamentos e procedementos operacionais do aeroporto certificado, de

acordo co disposto no número 8.10.3.2 AD 2 do Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, e no anexo 15 do Convenio sobre aviación civil internacional, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, polo que se establecen requisitos comúns para a prestación de servizos de navegación aérea.

3. O xestor certificado deberá estruturar o manual do aeroporto, e incluír nel, polo menos, os aspectos relacionados coas epígrafes que se relacionan a continuación, indicando, se é o caso, o motivo polo que non aplica ningún deles:

Parte 0. Folla de control da documentación:

- a) Índice do documento e breve descrición da súa estrutura e contido.
- b) Mantemento e revisión do manual.
- c) Documentación de referencia.
- d) Lista de acrónimos utilizados.

Parte 1. Información xeral:

- a) Descrición xeral da infraestrutura aeroportuaria.
- b) Servizos de información aeronáutica dispoñibles e procedementos para a súa publicación.
- c) Sistema para rexistrar movementos de aeronaves.
- d) Obrigas do xestor certificado.
- e) Calquera outra información que sexa exixida a teor da normativa aplicable.

Parte 2. Detalles da localización da infraestrutura aeroportuaria, incluíndo o seguinte:

- a) Un plano de situación da infraestrutura aeroportuaria respecto dos núcleos urbanos próximos, indicando a distancia da dita infraestrutura respecto aos núcleos de poboación ou outras áreas poboadas máis próximas, e a localización de calquera instalación e equipamento da infraestrutura aeroportuaria fóra dos límites desta, así como os accesos principais á dita infraestrutura.
- b) Planos da infraestrutura aeroportuaria indicando os seus límites e as superficies limitadoras de obstáculos segundo a definición recollida nas normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público.
- c) Un plano da infraestrutura aeroportuaria en que se indiquen as instalacións para o seu funcionamento.

Parte 3. Detalles da infraestrutura aeroportuaria que se deben notificar ao Servizo de Información Aeronáutica, nos termos previstos no artigo 13.2 e cos requisitos de calidade dos datos aeronáuticos e a información aeronáutica en canto á súa exactitude, resolución e integridade exixibles conforme o previsto no Regulamento (UE) n.º 73/2010, do 26 de xaneiro de 2010, polo que se establecen requisitos relativos á calidade dos datos aeronáuticos e a información aeronáutica para o ceo único europeo.

Parte 4. Listaxe e información dos procedementos de operación da infraestrutura aeroportuaria agrupados baixo as seguintes categorías:

- a) Notificacións da infraestrutura aeroportuaria.
- b) Acceso á área de movemento da infraestrutura aeroportuaria.
- c) Plan de emerxencia da infraestrutura aeroportuaria.
- d) Salvamento e extinción de incendios.
- e) Inspección da área de movemento da infraestrutura aeroportuaria e das superficies limitadoras de obstáculos polo xestor certificado.
- f) Axudas visuais e sistemas eléctricos da infraestrutura aeroportuaria.
- g) Mantemento da área de movemento.
- h) Traballos na infraestrutura aeroportuaria. Seguridade operacional.

- i) Xestión da plataforma.
- j) Xestión da seguridade operacional na plataforma.
- k) Control de vehículos na parte aeronáutica.
- l) Xestión do perigo da fauna.
- m) Vixilancia e control de obstáculos dentro e fóra do recinto aeroportuario.
- n) Traslado de aeronaves inutilizadas.
- o) Manipulación de materiais perigosos.
- p) Operacións en condicións de visibilidade reducida.
- q) Protección de localizacións de instalacións radioeléctricas aeronáuticas.
- r) Coordinación con terceiros (provedores de servizo, compañías aéreas, forzas de seguridade e calquera outro axente cuxas actuacións teñan un impacto na seguridade operacional da infraestrutura aeroportuaria).
- s) Coordinación entre o xestor certificado e os provedores dos servizos de navegación aérea.
- t) Cando proceda, coordinación entre o xestor certificado e a autoridade militar correspondente.

A información que se subministrará nesta parte do manual de aeroporto sobre cada procedemento será a seguinte:

- 1.º Obxecto do procedemento.
- 2.º Persoal implicado e responsabilidades.
- 3.º Infraestrutura, equipamento ou instalacións utilizadas.
- 4.º Escenarios e activación do procedemento.
- 5.º Relación de normativa aplicable e documentación de referencia tida en conta para a elaboración do procedemento.
- 6.º Descrición da secuencia de actuacións.
- 7.º Relación de procedementos operacionais de menor nivel aplicados na infraestrutura aeroportuaria que derivan do procedemento en cuestión.
- 8.º Calquera outra información de interese no procedemento.
- 9.º Control e xestión da documentación final.

Parte 5. Administración da infraestrutura aeroportuaria:

A información sobre a administración da infraestrutura aeroportuaria inclúe:

- a) Un esquema da organización da infraestrutura aeroportuaria en que se indiquen os nomes e postos do persoal principal, incluíndo as súas responsabilidades e a súa formación e, en particular, os números telefónicos do director da infraestrutura, do responsable de operacións e do responsable do sistema de xestión da seguridade operacional.
- b) Os comités de aeroporto, conforme o disposto na disposición adicional primeira.

Parte 6. Sistema de Xestión da Seguridade Operacional (SGS), que desenvolverá polo menos os seguintes puntos:

- a) A política de seguridade operacional, na medida aplicable, sobre o proceso de xestión da seguridade operacional e a súa relación cos procesos de operacións e mantemento.
- b) A estrutura e organización do sistema de xestión da seguridade operacional, incluíndo o seu persoal e a asignación de responsabilidades individuais e de grupo para aspectos de seguridade operacional. Incluirase aquí tamén toda a información relativa aos comités locais de seguridade operacional.
- c) A estratexia e planificación do sistema de xestión da seguridade operacional: establecemento de obxectivos de seguridade operacional, asignación de prioridades para implantar iniciativas de seguridade operacional e implantación dun procedemento para manter os riscos ao nivel máis baixo razoablemente

posible, tendo sempre en conta os requisitos das normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e demais lexislación e regulamentación aplicable.

d) A implantación do sistema de xestión da seguridade operacional, incluíndo instalacións, métodos e procedementos para a comunicación efectiva de mensaxes de seguridade operacional e o cumprimento de requisitos de seguridade operacional.

e) O sistema para a implantación de áreas de seguridade operacional críticas e as medidas correspondentes, que exixan un maior nivel de integridade da xestión de seguridade operacional (programa de medidas de seguridade operacional).

f) As medidas para a promoción da seguridade operacional e a prevención de accidentes e un sistema de control de riscos que entrañe análise e tramitación de datos de accidentes, incidentes, queixas, defectos, faltas, discrepancias e fallas e unha vixilancia continua da seguridade operacional.

g) O sistema interno de auditoría e exame da seguridade operacional, describindo os sistemas e programas de control de calidade da seguridade operacional.

h) O sistema para documentar todas as instalacións da infraestrutura aeroportuaria relacionadas coa seguridade operacional, así como o rexistro de operacións e mantemento da infraestrutura, incluíndo información sobre o deseño e construción de pavimentos para aeronaves, iluminación da infraestrutura e sistemas de axudas visuais.

i) A instrución e competencia do persoal, incluíndo exame e avaliación da adecuación da instrución brindada ao persoal sobre tarefas relacionadas coa seguridade operacional e sobre o sistema de certificación para comprobar a súa competencia.

j) A incorporación e o cumprimento obrigatorio de cláusulas relacionadas coa seguridade operacional nos contratos para obras de construción na infraestrutura aeroportuaria.

Artigo 14. *Formato e conservación do manual do aeroporto.*

1. O xestor certificado deberá proporcionar á Axencia Estatal de Seguridade Aérea un exemplar impreso e un exemplar en formato electrónico, completo e actualizado en todo momento, do manual do aeroporto.

2. O xestor certificado deberá conservar, polo menos, un exemplar completo e actualizado do manual do aeroporto no propio aeroporto certificado e outro na súa oficina principal, se esta non está situada no aeroporto certificado.

Sección 3.^a Normas de procedemento

Artigo 15. *Inicio do procedemento de certificación.*

1. O procedemento de certificación iniciarase mediante solicitude dirixida á Axencia Estatal de Seguridade Aérea en que deberá constar:

a) Denominación, enderezo e titularidade da infraestrutura aeroportuaria.

b) Nome, apelidos e número do documento nacional de identidade, para cidadáns españois ou, en caso de estranxeiros, número de identidade de estranxeiro (NIE) do xestor de aeroporto, ou razón social, número de identificación fiscal e denominación deste se é persoa xurídica.

c) Título xurídico en virtude do cal o titular da infraestrutura designa o solicitante como xestor da dita infraestrutura, indicando as normas ou regulamentos de referencia e o seu período de designación.

d) Documentación que recolla a nacionalidade do xestor da infraestrutura e a composición do seu conxunto de accionistas e do consello de administración, se é o caso.

e) Nome, apelidos e acreditación da representación do asinante da solicitude, se actúa como apoderado do xestor da infraestrutura aeroportuaria.

2. En caso de que a solicitude de certificación non reunise os requisitos sinalados no número anterior, observarase o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 16. *Documentación técnica que deberá achegar o xestor da infraestrutura aeroportuaria.*

1. O xestor da infraestrutura aeroportuaria deberá achegar ao expediente coa solicitude inicial ou, logo de consentimento expreso da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, nun momento posterior do procedemento, os seguintes documentos:

a) O manual do aeroporto acorde co disposto neste regulamento.

b) Ditame, asinado por facultativo competente, que acredite que a infraestrutura aeroportuaria, as súas instalacións, sistemas, equipamentos, servizos e procedementos cumpren coas disposicións deste regulamento. A este ditame xuntaráse documentación técnica xustificativa.

c) No caso de se solicitar algunha das exencións a que fai referencia o artigo 8, deberase achegar, ademais dos estudos aeronáuticos que acrediten os aspectos indicados no dito artigo, o ditame a que se refire a letra anterior, indicando expresamente as diferenzas que necesitan acollerse a unha exención e as medidas alternativas propostas.

2. En caso de non achegar o interesado a documentación necesaria para resolver, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea requirirá a súa achega conforme o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A formulación deste requirimento suspenderá o prazo máximo para a resolución do procedemento, de acordo co artigo 42.5 a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 17. *Instrución e resolución do expediente.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea analizará a adecuación da documentación solicitada no artigo 16 e realizará as necesarias verificacións in situ para proceder á emisión do correspondente certificado ou á desestimación xustificada da solicitude.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución do procedemento de certificación de aeroporto será de seis meses.

3. En calquera momento do procedemento, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá levar a cabo inspeccións, investigacións ou comprobacións, se o vulga necesario, para verificar que se cumpren todos os requisitos necesarios para a emisión do certificado.

Transcorrido o prazo para resolver e notificar a resolución do procedemento de certificación do aeroporto sen que se ditase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

Artigo 18. *Réxime de recursos.*

Contra as resolucións da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de certificación poderase recorrer nos termos previstos no artigo 4 do seu estatuto, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.

Artigo 19. *Suspensión, limitación e revogación do certificado de aeroporto.*

1. O director de Seguridade de Aeroportos e Navegación Aérea da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá acordar a suspensión, limitación ou revogación do certificado de aeroporto cando concorra algunha das circunstancias enumeradas no artigo 11 e nos supostos previstos no artigo 10.2. A adopción destas medidas levarase a cabo mediante resolución motivada logo de audiencia do xestor certificado para que formule cantas alegacións e observacións considere pertinentes dentro do termo de 10 días.

2. Se durante a tramitación dos procedementos de limitación, revogación ou suspensión, o xestor certificado emendase as irregularidades observadas e os intereses públicos quedasen adecuadamente garantidos, porase fin aos ditos procedementos e procederase ao seu arquivo.

3. Cando concorran circunstancias que afecten de forma grave, certa e inmediata a seguridade operacional aérea, o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá acordar a suspensión ou limitación inmediata da eficacia do certificado de aeroporto. A adopción, levantamento e confirmación das medidas extraordinarias previstas neste número rexeranse polo establecido no artigo 30 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

4. As medidas de suspensión, limitación ou revogación do certificado de aeroporto adoptaranse co fin de garantir a seguridade operacional, sen prexuízo das sancións que, se é o caso, se poidan impor de conformidade co réxime sancionador establecido no título V da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Artigo 20. *Modificación do certificado.*

1. Cando se vaia producir algún cambio no manual do aeroporto que poida afectar o certificado de aeroporto, deberase pór en coñecemento da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, cun mes de antelación á data prevista para a súa entrada en vigor.

O director de Seguridade de Aeroportos e Navegación Aérea da Axencia Estatal de Seguridade Aérea disporá do prazo dun mes para ditaminar se é necesario tramitar o dito cambio como unha modificación do certificado.

Sempre que se modifiquen elementos tales como a categoría operativa da pista de voo, a configuración do campo de voos, a aeronave determinante do aeroporto ou outros cambios substanciais, estruturais ou funcionais, requirirase unha modificación do certificado.

En caso de cambio do xestor da infraestrutura aeroportuaria, titular do certificado, terase que solicitar unha nova certificación de acordo co previsto neste regulamento.

2. Unha vez declarada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea a necesidade de modificar o certificado de aeroporto, con carácter previo á implantación dos cambios previstos ou programados que a motiven, deberase presentar unha solicitude de modificación do certificado, que constará de:

- a) Denominación, enderezo e titularidade do aeroporto certificado.
- b) Nome, apelidos e documento nacional de identidade do xestor certificado, ou denominación e número de identificación fiscal se é persoa xurídica.
- c) Nome, apelidos e acreditación da representación do asinante da solicitude de modificación, se actúa como apoderado do xestor certificado.
- d) Copia da documentación obxecto da modificación.
- e) Descrición das causas que motivan a modificación do certificado.
- f) Proposta de modificación.
- g) Ditame asinado por facultativo competente que acredite que a modificación cumpre cos requisitos e disposicións do presente regulamento e, de ser o caso, coas normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público. A este ditame xuntaráse documentación técnica xustificativa.

3. En calquera momento do proceso, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá realizar inspeccións, investigacións, comprobacións ou estudos, se o xulga necesario, para verificar que efectivamente se cumpren todos os requisitos necesarios para a modificación do certificado.

4. O prazo para resolver e notificar a resolución da proposta de modificación será de tres meses; transcorrido este sen se ditar resolución expresa, as solicitudes poderanse entender desestimadas.

O prazo máximo para resolver a solicitude de modificación poderase suspender nos casos previstos no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

CAPÍTULO IV

Verificación dos aeródromos de uso público

Artigo 21. *Resolución favorable de verificación de aeródromos de uso público.*

1. A resolución favorable de verificación acredita a aptitude do xestor da infraestrutura aeroportuaria e o cumprimento polo aeródromo de uso público das normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público aprobadas por este real decreto e as disposicións ditas no seu desenvolvemento e aplicación, incluídas as guías técnicas de orientación, e o Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 2008, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia Europea de Seguridade Aérea, e se derroga a Directiva 91/670/CEE do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1592/2002 e a Directiva 2004/36/CE, no que lles resulte de aplicación, sempre que se manteñan as condicións establecidas na dita resolución.

2. A ausencia, limitación, suspensión ou revogación da resolución favorable de verificación do aeródromo de uso público suporá a perda ou, de ser o caso, a limitación da capacidade da infraestrutura aeroportuaria para as operacións aéreas.

Serán responsabilidade do xestor da infraestrutura aeroportuaria os prexuízos ocasionados a terceiros pola ausencia, limitación, suspensión ou revogación da resolución de verificación.

Artigo 22. *Requisitos e procedemento.*

1. Para a obtención e mantemento da resolución favorable de verificación de aeródromos de uso público será de aplicación o disposto no capítulo III, coa excepción prevista no número 2.

2. Para obter a resolución de verificación, abondará con que o xestor da infraestrutura aeroportuaria achegue ao expediente xunto coa solicitude inicial ou, logo de consentimento expreso da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, nun momento posterior do procedemento, os seguintes documentos:

- a) Documentación do cumprimento das normas técnicas.
- b) Manual do aeródromo de uso público, co contido e estrutura previsto no capítulo III, sección 2.^a
- c) De ser o caso, solicitude de exencións ao cumprimento da normativa técnica, xunto coa documentación requirida para a tramitación das exencións solicitadas, incluíndo estudo de seguridade asinado por facultativo competente.

CAPÍTULO V

Outras disposicións aplicables aos aeroportos e aeródromos de uso público de competencia autonómica

Artigo 23. *Verificación polos órganos competentes das comunidades autónomas do cumprimento de determinadas normas técnicas.*

1. Cando, de conformidade coa normativa autonómica en materia de aeródromos que resulte de aplicación, a comunidade autónoma sexa competente para a emisión de informes, certificados ou ditames en materia de normas técnicas de deseño e operacións de aeródromos de uso público, os certificados, ditames ou informes emitidos polo órgano competente da comunidade autónoma acreditarán ante a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, para os efectos da emisión do certificado de aeroporto ou da resolución de verificación de aeródromo de uso público, o cumprimento dos requisitos certificados, ditaminados ou sobre os cales emitiu informe o dito órgano, salvo que se trate dalgún dos previstos no número seguinte.

2. No exercicio das súas competencias, corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a verificación do cumprimento polos aeroportos e aeródromos de uso público de competencia autonómica dos requisitos relativos:

- a) Ás normas técnicas de deseño e operación dos aeródromos de uso público que se relacionan no anexo I deste regulamento.
- b) Á estrutura e contido do manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público nos puntos relacionados no anexo II deste regulamento.
- c) Ao resto das normas técnicas de deseño e operación dos aeródromos de uso público e da estrutura e contido do manual de aeroporto ou do aeródromo de uso público, sobre as cales as comunidades autónomas non asumisen competencias.
- d) Ao equipo crítico de seguridade do xestor da infraestrutura aeroportuaria.
- e) Aos equipamentos, sistemas e comunicacións de navegación aérea da infraestrutura aeroportuaria.

Así mesmo, correspóndelle á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a verificación das normas técnicas de deseño e operación dos aeródromos de uso público sobre as cales o xestor da infraestrutura aeroportuaria solicite unha exención e dos estudos aeronáuticos en que se propoñan as medidas alternativas de cumprimento.

3. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea emitirá o certificado de aeroporto ou a resolución de verificación de aeródromo de uso público, de acordo cos certificados, ditames ou informes que expidan as comunidades autónomas conforme o previsto no número 1 e coa verificación que ela mesma realice do cumprimento dos requisitos previstos no número 2.

O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das exixencias establecidas na normativa comunitaria e internacional á autoridade nacional de supervisión responsable da emisión do certificado ou da resolución de verificación.

Artigo 24. *Solicitud.*

1. Cando así estea previsto na lexislación autonómica que resulte de aplicación, o xestor da infraestrutura aeroportuaria presentará a solicitude de certificación ou de resolución de verificación e, de ser o caso, das exencións previstas no artigo 8, dirixida á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, a través do órgano competente da comunidade autónoma.

O órgano competente da comunidade autónoma remitirá a solicitude recibida á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, xunto cos certificados e informes previstos no artigo 23.1, e calquera outra documentación que resulte pertinente.

2. Noutro caso, na instrución do expediente que realice a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, conforme o previsto no artigo 17, esta solicitará do órgano competente da comunidade autónoma os certificados e informes previstos no artigo 23.1 que sexan exixibles conforme a lexislación autonómica que resulte de aplicación.

Artigo 25. *Mecanismos adicionais de cooperación.*

1. Cando así o prevexa a lexislación autonómica que resulte de aplicación ou, de conformidade co previsto nela, así o acorde o órgano competente da comunidade autónoma, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá con carácter previo emitir informe, en relación co cumprimento das normas técnicas de deseño e operación dos aeródromos de uso público, sobre a autorización da construción ou modificación dos aeroportos e aeródromos de uso público de competencia autonómica.

2. Por instancia da comunidade autónoma que resulte competente, constituirase unha comisión mixta que prestará apoio á Axencia Estatal de Seguridade Aérea e ao órgano competente da comunidade autónoma, co obxecto de asegurar a efectiva integración das competencias na aplicación do disposto no número precedente e neste capítulo.

Esta comisión, presidida polo director de Seguridade de Aeroportos e Navegación Aérea da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, ou persoa en quen delegue, estará composta por un máximo de dez expertos, designados, cinco deles, pola comunidade autónoma e o resto polo director xeral de Aviación Civil entre expertos da Axencia Estatal de Seguridade Aérea e da propia dirección xeral.

CAPÍTULO VI

Da inspección aeronáutica e do réxime sancionador

Artigo 26. *Da inspección aeronáutica no ámbito da certificación e verificación de aeródromos de uso público.*

1. Sen prexuízo do disposto na normativa autonómica que resulte de aplicación aos aeroportos e demais aeródromos de uso público de competencia autonómica, corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea o exercicio da función de inspección, auditoría e supervisión do cumprimento polos xestores das infraestruturas aeroportuarias do establecido neste regulamento.

A inspección aeronáutica realizada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea conforme o previsto no parágrafo anterior centrarase prioritariamente na auditoría do cumprimento dos procesos que o xestor certificado ou verificado debe desenvolver e executar para o cumprimento do manual e, en particular, o funcionamento do seu sistema de xestión de seguridade operacional.

2. O cumprimento desta función de inspección, auditoría e supervisión comprende a adopción de medidas restritivas do funcionamento dos aeroportos e demais aeródromos de uso público, se o mantemento da seguridade aérea así o exixise.

Artigo 27. *Réxime sancionador.*

1. O incumprimento das prescricións contidas neste regulamento e na súa normativa de desenvolvemento constitúe infracción administrativa no ámbito da aviación civil e seralle de aplicación o réxime sancionador regulado na Lei 21/2003, do 7 de xullo, sen prexuízo da aplicación das medidas previstas neste regulamento

no referente á modificación, suspensión ou revogación do certificado de aeroporto ou da resolución favorable de verificación de aeródromo de uso público co fin de garantir a seguridade operacional.

2. O disposto no número anterior enténdese sen prexuízo da competencia autonómica para sancionar, se é o caso, as infraccións de normas cuxo cumprimento verificasen conforme o previsto neste regulamento.

ANEXO I DO REGULAMENTO DE CERTIFICACIÓN E VERIFICACIÓN DE AEROPORTOS E OUTROS AERÓDROMOS DE USO PÚBLICO

Normas técnicas de deseño e operación dos aeródromos de uso público previstas no artigo 23.2

As normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público a que se refire o artigo 23.2 son as previstas nos seguintes puntos das normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público incorporadas ao anexo deste real decreto.

I. Volume I.

a) O capítulo 1, Xeneralidades, agás os números 1.6, Deseño de aeroportos, e 1.7, Clave de referencia.

b) Do capítulo 2, Datos sobre os aeródromos, os seguintes puntos:

1.º Número 2.9, Condicións da área de movemento e das instalacións relacionadas con esta.

2.º Número 2.10, Retiro de aeronaves inutilizadas.

3.º Número 2.11, Salvamento e extinción de incendios, agás a verificación do servizo de salvamento e extinción de incendios (SSEI), en todo o que se refira ao lado de terra do aeródromo, así como aqueles aspectos relativos á atención de emerxencias non aeronáuticas, xa sexa instalacións (infraestruturas, medios e equipamentos) ou procedementos.

4.º Número 2.12, Sistemas visuais indicadores de pendente de aproximación.

5.º Número 2.13, Coordinación entre a autoridade de servizos de información aeronáutica e a autoridade de aeródromo, agás a verificación do cumprimento pola autoridade do aeródromo das obrigas establecidas no punto naqueles aspectos que non estean relacionados coa verificación das obrigas do provedor de servizos de información aeronáutica e, en particular, no que se refire ao anexo 15 do Convenio internacional de aviación civil, Servizos de información aeronáutica, e ao Documento 8126 da Organización Internacional de Aviación Civil (OACI), Manual para os servizos de información aeronáutica.

c) O capítulo 4, Restrición e eliminación de obstáculos.

d) Del capítulo 5, Axudas visuais para a navegación, os seguintes puntos:

1.º Número 5.3.2, Iluminación de emerxencia.

2.º Número 5.3.3, Faros aeronáuticos.

3.º Número 5.3.4, Sistemas de iluminación de aproximación.

4.º Número 5.3.5, Sistemas visuais indicadores de pendente de aproximación.

5.º Número 5.3.6, Luces de guía para o voo en circuío.

6.º Número 5.3.7, Sistemas de luces de entrada á pista.

7.º Número 5.3.19, Barras de parada.

8.º Número 5.3.20, Luces de punto de espera intermedio.

9.º Número 5.3.22, Luces de protección de pista.

e) O capítulo 6, Axudas visuais indicadoras de obstáculos.

f) O capítulo 8, Sistemas eléctricos.

g) O capítulo 9, Servizos, equipamentos e instalacións de aeródromo, os seguintes puntos:

1.º Número 9.1, Planificación para casos de emerxencia nos aeródromos, agás os números 9.1.3 en todo o referido a entidades «fóra do aeródromo», segundo establece o punto segundo da nota incorporada a este número; 9.1.12 no referido á verificación da realización efectiva, en tempo e forma, do plan de emerxencia (con exclusión da verificación ulterior dos ensaios); 9.1.13, no referido á verificación da realización efectiva, en tempo e forma, do plan de emerxencia (con exclusión da verificación ulterior dos ensaios); 9.1.14 e 9.1.15, Emerxencias en ámbitos difíciles.

2.º Número 9.2, Salvamento e extinción de incendios, agás o relacionado coa verificación das normas e requisitos do SSEI en todo o que se refira ao lado de terra do aeródromo, así como aqueles aspectos relativos a emerxencias non aeronáuticas, xa sexa instalacións (infraestruturas, medios e equipamentos) ou procedementos; e exceptuando ademais os números 9.2.26, 9.2.27 e 9.2.28, Camiños de acceso de emerxencia.

3.º Número 9.3, Traslado de aeronaves inutilizadas.

4.º Número 9.4, Redución de perigos debidos ás aves.

5.º Número 9.5, Servizo de dirección na plataforma.

6.º Número 9.6, Servizo das aeronaves en terra.

7.º Número 9.7, Operacións dos vehículos de aeródromo.

8.º Número 9.8, Sistemas de guía e control do movemento na superficie.

9.º Número 9.9, Localización de equipamento e instalacións nas zonas de operacións.

10.º Número 9.10, Valos, agás o que se refira á comprobación do valado do aeroporto, sen prexuízo das competencias do Estado en materia de seguridade á aviación civil («security»).

11.º Número 9.11, Iluminación para fins de seguridade.

II Volume II.

Os puntos do volume II que substitúan ou complementen as especificacións do volume I a que se refire a epígrafe anterior.

ANEXO II DO REGULAMENTO DE CERTIFICACIÓN E VERIFICACIÓN DE AEROPORTOS E OUTROS AERÓDROMOS DE USO PÚBLICO

Contido do manual do aeroporto ou do aeródromo de uso público previsto no artigo 23.2

As epígrafes do manual de aeroporto a que se refire o artigo 23.2 son as previstas nos seguintes puntos do artigo 13.3 deste regulamento:

a) A PARTE 0, Folla de control da documentación.

b) A PARTE 1, Información xeral.

c) A PARTE 4, Listaxe de información dos procedementos da infraestrutura aeroportuaria, con excepción dos seguintes procedementos previstos:

1.º Na letra c), Plan de emerxencia do aeroporto.

2.º Na letra d) Salvamento e extinción de incendios naqueles requisitos relativos á extinción de incendios de edificios, infraestruturas do SSEI e depósitos de combustible, así como o cumprimento das normas e requirimentos do SSEI en todo o que se refira ao lado de terra da infraestrutura aeroportuaria, e con exclusión das normas e requisitos referidos ao lado aire, ligados á operación dos diferentes tipos de aeronaves que utilizan a infraestrutura aeroportuaria.

3.º A letra g), Mantemento da área de movemento.

- 4.º A letra i), Xestión da plataforma.
 - 5.º A letra k), Control de vehículos na parte aeronáutica.
- d) A PARTE 6, Sistema de xestión da seguridade operacional (SGS).»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas.*

O Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Constitúen as servidumes dos aeródromos as que é necesario establecer nos seus arredores e, de ser o caso, no seu interior para garantir a continuidade das operacións aéreas en condicións adecuadas de seguridade.

2. Sen prexuízo das medidas que adopten as comunidades autónomas para a protección dos aeródromos autonómicos no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do territorio, urbanismo e aeródromos, o órgano competente da comunidade autónoma poderá propor o establecemento ou modificación de servidumes aeronáuticas nos aeródromos de uso público da súa competencia.»

Dous. Modifícase o artigo 27, numerando a súa actual redacción como número 1 e engadíndolle un novo número 2 do seguinte teor:

«2. Na proposta de establecemento ou modificación de servidumes aeronáuticas das instalacións civís, dirixida á Dirección Xeral de Aviación Civil, xustificáranse as razóns de utilidade pública ou interese social en que se ampara o establecemento de servidumes aeronáuticas no aeródromo de uso público de que se trate. A Dirección Xeral de Aviación Civil resolverá sobre a procedencia de iniciar a tramitación do establecemento de servidumes aeronáuticas.

Obtida a resolución favorable para iniciar a tramitación do establecemento ou modificación de servidumes aeronáuticas, o xestor da infraestrutura ou, en relación cos aeródromos de uso público de competencia autonómica, o órgano competente en materia de aeroportos da comunidade autónoma, remitirá unha proposta de servidumes aeronáuticas xunto coa documentación necesaria para a definición e delimitación destas conforme o previsto neste decreto, que incluírá a documentación necesaria para a súa tramitación, unha proposta de medidas que se deberán adoptar en relación cos obstáculos existentes que vulneren as servidumes aeronáuticas que se establecerán ou modificarán e un orzamento do custo da súa adopción.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, á proposta de establecemento ou modificación de servidumes aeronáuticas poderase xuntar a documentación a que se refire o número segundo, caso en que só se procederá a iniciar a tramitación do establecemento de servidumes aeronáuticas tras a resolución da Dirección Xeral de Aviación Civil en que se acorde a procedencia de iniciar o dito procedemento.»

Tres. Modifícase o artigo 29 numerando o seu actual parágrafo único como número 1 e engadíndolle os novos números 2 e 3 do seguinte teor:

«2. Sobre os proxectos de plans ou instrumentos de ordenación urbanística ou territorial, ou sobre os da súa revisión ou modificación, que afecten os espazos suxeitos ás servidumes aeronáuticas establecidas nas instalacións aeronáuticas civís, emitirá informe a Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento. No caso de instalacións incluídas nas determinacións dos plans directores dos aeroportos de interese xeral, o informe sobre as servidumes vixentes formará parte do contido que se debe emitir conforme a disposición adicional segunda do Real decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de

interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

No caso de servidumes de aeródromos de uso público de competencia autonómica, este informe da Dirección Xeral de Aviación Civil emitirase logo de informe preceptivo do órgano competente en materia de aeroportos da comunidade autónoma sobre a compatibilidade do proxecto coas servidumes aeronáuticas establecidas por proposta do dito órgano. A solicitude de informe presentarase ao órgano competente en materia de aeródromos da comunidade autónoma, que, xunto co informe preceptivo da dita comunidade, a remitirá á Dirección Xeral de Aviación Civil.

3. Estes informes da Dirección Xeral de Aviación Civil, preceptivos e vinculantes no que se refire á compatibilidade do planeamento coas servidumes aeronáuticas establecidas, emitiraos esta no prazo de tres meses contados desde a recepción da documentación requirida para a súa emisión, incluído, se é o caso, o informe preceptivo da comunidade autónoma.

Transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se emitise o informe da Dirección Xeral de Aviación Civil, poderase continuar a tramitación dos proxectos obxecto do informe solicitado.

Os proxectos sometidos a informe non poderán ser aprobados definitivamente mentres non se axusten ao que conste no informe en relación coa súa compatibilidade coas servidumes aeronáuticas establecidas.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Modifícase o parágrafo segundo da disposición adicional segunda do Real decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

Este informe, que terá carácter vinculante no que se refire ao exercicio das competencias exclusivas do Estado, será emitido no prazo de tres meses; transcorrido este sen se emitir o informe, poderase continuar coa tramitación dos plans ou instrumentos xerais de ordenación territorial ou urbanística. No suposto de que a Administración pública competente non acepte as observacións formuladas polo Ministerio de Fomento, non se poderá proceder á aprobación definitiva dos plans ou instrumentos urbanísticos e territoriais no que afecte o exercicio das competencias exclusivas do Estado.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas en materia de aeroportos de interese xeral, control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, que atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para desenvolvemento normativo.*

Habílase o ministro de Fomento para que adopte as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de agosto de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

ANEXO

Documentación para a elaboración dos informes previos ao planeamento de infraestruturas aeronáuticas, establecemento, modificación e apertura ao tráfico de aeródromos autonómicos

Para os efectos da emisión dos informes previos ao planeamento de infraestruturas aeronáuticas, establecemento, modificación e apertura ao tráfico de aeródromos autonómicos, deberase achegar a seguinte documentación, indicando a data da publicación da información aeronáutica (AIP) utilizada:

1. Plans ou instrumentos de ordenación.

1.1 Para a análise de compatibilidade e necesidades de espazo e tránsito aéreo:

– Documento de planeamento en que aparezan todas as infraestruturas previstas, xa sexan de nova creación ou modificacións das actualmente existentes, con indicación das coordenadas xeográficas do seu punto de referencia no sistema WGS-84.

– Necesidades de espazo aéreo, con indicación da estrutura de espazo e a súa cualificación que sería necesaria para cada infraestrutura, tendo en conta a existencia das infraestruturas existentes na área de afección e impacto sobre elas.

– Axudas á navegación aérea e categoría dos procedementos de voo (VFR, IFR precisión ou non precisión) con avaliación das necesidades de servizos de navegación aérea para cada caso.

– Análise de demanda de tráfico e as súas correspondentes categorías.

1.2 Para a análise de incidencia sobre aeroportos de interese xeral, bases aéreas, aeródromos militares e transporte aéreo:

– Análise de impacto sobre os aeroportos de interese xeral e bases aéreas, aeródromos militares e servidumes aeronáuticas.

– Análise de impacto sobre as áreas de afección previstas nos plans directores dos aeroportos de interese xeral.

– Impacto sobre o transporte aéreo e os seus aspectos internacionais cubertos por convenios bilaterais. Previsións de tráfico aéreo en canto á súa tipoloxía e á demanda prevista.

2. Establecemento, modificacións e apertura ao tráfico de aeródromos de uso público.

2.1 *Establecemento.*

2.1.1 Para a análise de compatibilidade e necesidades de espazo e tránsito aéreo:

– Localización prevista da infraestrutura, lonxitude e orientación das pistas. Datos pertinentes relativos ao establecemento da infraestrutura: coordenadas WGS-84 do punto de referencia da instalación (ARP) e dos limiares de pista ou pistas e elevación. Impacto da modificación sobre infraestruturas na área de afección.

– Previsión de uso operacional destas, visual ou instrumental, e o seu horario de operación.

- Para o caso de operacións instrumentais, proposta preliminar de estruturas de espazo aéreo asociada á infraestrutura: aerovías, CTA/TMA, CTR, ATZ previstos.
- Proposta preliminar de servizos de navegación aérea asociados á infraestrutura: servizos de tránsito aéreo (aeródromo controlado, AFIS, non controlado; servizos de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS).
- Interferencias con zonas LED, LER, LEP e zonas de fauna sensibles.

2.1.2 Para a análise de incidencia sobre aeroportos de interese xeral, bases aéreas, aeródromos militares e transporte aéreo:

- Previsións iniciais de tráfico aéreo en canto á súa tipoloxía e á demanda prevista.
- Análise de impacto sobre aeroportos e bases aéreas, aeródromos militares e servidumes aeronáuticas: datos pertinentes relativos ao establecemento da infraestrutura: coordenadas WGS-84 do punto de referencia da instalación (ARP) e dos limiares de pista ou pistas.

2.2 Apertura ao tráfico.

- Proposta de procedementos de voo e manobras asociadas á infraestrutura: aproximacións, engalaxes, SID, STAR.
- Para o caso de operacións instrumentais, proposta de estruturas de espazo aéreo asociadas á infraestrutura: aerovías, CTA/TMA, CTR, ATZ previstos.
- Proposta de servizos de navegación aérea asociados á infraestrutura: servizos de tránsito aéreo (aeródromo controlado, AFIS, non controlado; servizos de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS), incluíndo despregamento de radioaxudas á navegación (VOR, ILS, etcétera), se as houber, e coordenadas WGS-84 destas.

2.3 Modificacións estruturais ou funcionais.

Achegarase a documentación establecida nos números 2.1, Establecemento, e 2.2, Apertura ao tráfico, deste anexo.

3. Establecemento ou modificacións, estruturais ou funcionais, en aeródromos de uso restrinxido.

3.1 Establecemento ou modificacións estruturais ou funcionais.

Achegarase, polo menos, a seguinte información referida aos distintos escenarios de evolución da infraestrutura:

3.1.1 Estruturación e ordenación do espazo aéreo, para cuxo efecto se deberá achegar estudo de compatibilidade de espazo aéreo, que especificará:

- Localización e topografía.
- Orientación da pista ou pistas, coordenadas dos limiares e ARP e a súa elevación.
- Descrición do espazo aéreo afectado.
- Descrición das manobras e procedementos afectados.
- Proposta de integración na estrutura do espazo aéreo.
- Plans e programas doutras instalacións aeronáuticas. Impacto sobre outras infraestruturas na área de afección.
- Indicación das zonas protexidas por razóns ambientais ou de calquera outro tipo, situadas no contorno, así como poboacións que poidan resultar afectadas por operacións do aeródromo.
- Tipo de operación (VFR/IFR), horario previsto e actividade que se vai desenvolver.

3.1.2 Afección aos aeroportos de interese xeral, bases aéreas, aeródromos militares e transporte aéreo: incluírá unha análise tanto no que respecta ao funcionamento dos aeródromos sobre os cales poida incidir directamente como das repercusións de toda índole que poidan derivar, incluído o transporte aéreo, para as servidumes aeronáuticas e para o sistema de aeroportos de interese xeral.

3.2 Apertura ao tráfico.

3.2.1 Certificación da Administración competente para autorizar o seu establecemento e construción acreditando a execución do proxecto conforme o proxecto aprobado ou autorizado.

Noutro caso, a información prevista no número 3.1.1.

3.2.2 Relación de usuarios autorizados para o uso do aeródromo e procedemento establecido para a modificación desta.

4 Certificado de compatibilidade do espazo aéreo dos heliportos.

4.1 Establecemento ou modificacións, estruturais ou funcionais.

– Localización e topografía.

– Coordenadas do punto de referencia do heliporto (WGS-84) e a súa elevación, así como orientación dos sectores de aproximación e engalaxe prevista para a dita infraestrutura.

– Previsión do seu uso operacional, visual ou instrumental, horario de operación e actividade que se vai desenvolver.

– Descrición do espazo aéreo afectado, incluíndo a súa afección aos aeroportos de interese xeral, aeródromos, bases aéreas, aeródromos militares e outras instalacións de transporte aéreo.

– Descrición das manobras e procedementos previstos. Para o caso de operacións instrumentais, proposta de estruturas de espazo aéreo asociadas á infraestrutura: aerovías, CTA/TMA, CTR, ATZ previstos.

– Proposta de integración na estrutura do espazo aéreo. Impacto sobre outras infraestruturas aeronáuticas.

– Plans e programas doutras instalacións aeronáuticas.

– Interferencias con zonas LED, LER, LEP e zonas de fauna sensible, así como poboacións que poidan resultar afectadas por operacións do aeródromo.

– Previsións iniciais de tráfico en canto á súa tipoloxía e á demanda prevista.

4.2 Apertura ao tráfico.

4.2.1 Deberase achegar, polo menos, a seguinte documentación:

– Certificación da Administración competente para autorizar o seu establecemento e construción que acredite a execución da infraestrutura conforme o proxecto aprobado ou autorizado.

Noutro caso, a documentación prevista no número 4.1.

– Proposta de procedementos de voo e manobras asociadas á infraestrutura: aproximacións, engalaxes, SID, STAR.

– Para o caso de operacións instrumentais, proposta de estruturas de espazo aéreo asociadas á infraestrutura: aerovías, CTA/TMA, CTR, ATZ previstos.

4.2.2 No caso de heliportos de uso restrinxido, ademais, a documentación establecida no número 3.2.2 deste anexo.